



Escola Técnica
Superior de
Enxeñaría

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL

ENQUISA EGRESADOS

**Promocións I, II, III, IV e V
(2005-07, 06-08, 07-09, 08-10 e 09-11)**

Santiago de Compostela, outubro de 2012

Índice

1. Limiar
2. Empregabilidade
 - 2.1. Actividade actual
 - 2.2. Análise dos empregadores
3. Relación do traballo cos estudos, valoración e retribucións
4. Factores que condicionan o 1º emprego
5. Funcións profesionais realizadas e nivel retributivo
6. Duración dos contratos de traballo
7. Valoración da formación académica realizada
8. Conclusións

1. Limiar

Os datos que se analizan a continuación foron recollidos a través dunha enquisa efectuada ao longo dos meses de setembro e outubro de 2012. Esta enquisa foi realizada a través dunha utilidade da plataforma “Google” que permitiu recoller automaticamente nunha folla de cálculo as respostas recibidas.

A invitación para cubrir a enquisa foi efectuada ás 5 primeiras promocións do Máster en Enxeñaría Ambiental, isto é, as promocións 2005-07, 06-08, 07-09, 08-10 e 09-11. O número total de alumnos destas promocións é de 90.

A enquisa foi respondida por 39 egresados, isto é, o 43 % dos egresados.


Dos 39 egresados que respondaron a paridade entre sexos foi caseque total xa que o 51% foron mulleres e o 49% homes.

2. Empregabilidade


2.1. Actividade actual

Das persoas que contestaron, o 51% están traballando na actualidade. Tendo en conta o contexto da crise económica que vimos sufrindo dende alomenos o ano 2008, é importante sinalar que o 31% estivo traballando anteriormente pero agora está en paro.


Polo tanto o 82% dos egresados ten traballado logo da súa titulación. Únicamente un 13% está na procura do seu primeiro emprego, mentres que o 5% restante está ampliando estudos.



O seguinte gráfico indica que o 59% non está buscando emprego, dos que o buscan únicamente o 13% levan máis de 12 meses na súa procura.




Se analizamos o tempo que estiveron buscando o primeiro emprego, pódese ver que un 41% conseguiron o primeiro emprego en menos de 3 meses. Pola contra, únicamente o 18% estiveron máis de 12 meses na procura do primeiro emprego.



2.2. Análise dos empregadores

En canto ó tipo de organización na que traballan os egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental, a figura seguinte mostra unha situación bastante diversificada e equilibrada: 24% na administración, 21% en empresas grandes, 10% en empresas de tamaño medio, 21% en empresas pequenas e 24% en empresas familiares. Predominan polo tanto o tamaño medio-grande das organizacións.

Dimensión organización



Se analizamos o sector empresarial pódese ver que o 34% están empregados en empresas relacionadas co medio ambiente. Destaca tamén o porcentaxe ocupado en Enxeñarías e Consultorías (14%) e nas Administracións Públicas (14%). De novo pódese ver unha grande diversificación.

Sector empresa



A Táboa seguinte indica o nome dalgunha das organizacións nas que están a traballar os egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental. Pódese destacar de novo a grande diversidade dentro das mesmas.


ADMINISTRACIÓN	
XUNTA DE GALICIA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA UNIVERSIDAD PÚBLICA DE NAVARRA
SECTOR PRIVADO	
CONTECO SLU NBC CURAUMA GHD METTLER TOLEDO PROYFE S.L FAGOR EDERGARDEN SL TELVENT, SCHNEIDER HABITAQ CONSULTORÍA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	CULTIGAR SL ANCARIA S.L. PROINGEST CREATIVIDAD Y TECNOLOGÍA S.A. PAN Y PANADERIA OUSÁ AZTI-TECNALIA INVESTIGACION Y PROYECTOS MEDIOAMBIENTE, S.L.

3. Relación do traballo cos estudos, valoración e retribucións

É importante relacionar a preparación académica coas exigencias e valoracións acadadas dentro do ámbito laboral para ver o grado de adecuación entre ambas realidades.


No tocante á relación estudos/traballo, e dicir, se o traballo está ou non relacionado coa formación universitaria recibida, a figura seguinte mostra que o 52% dos egresados indican que esa relación é “alta” ou “moi alta”. Únicamente un 10% considera esta relación coma “Moi Baixa”. Polo tanto, este indicador mostranos unha alta aplicabilidade da formación académica recibida dentro do ámbito laboral.

Relación estudos/traballo




Á hora de valorar se a situación laboral na empresa na que traballan está de acordo co esforzo realizado durante os seus estudos, esta relación é valorada coma “Alta” ou “Moi Alta” no 35% dos casos, un 28% dos casos a valoran como “Media” e únicamente un 10% a consideran coma “Moi Baixa”. Polo tanto, de novo este indicador é positivo, mostrando que o esforzo realizado na formación académica paga a pena para acadar este tipo de traballos.

Relación situación laboral/ esforzo estudos




En canto á valoración que cada egresado percebe pola empresa, esta é valorada coma “Alta” ou “Moi Alta” no 79% dos casos, polo que predomina a valoración positiva. Únicamente un 7% a consideran coma “Baixa”, non habendo neste ítem valoración “Moi Baixa”. Este indicador é considerado coma moi importante, por enriba incluso do tema económico xa que mostra o interese que ten a organización polo traballo que desempeña a persoa en cuestión.

Valoración pola empresa




No tocante a adecuación das retribucións económicas, de novo o panorama en xeral é positivo xa que un 32% a consideran “Alta” ou “Moi Alta”. En todo caso a porcentaxe maior corresponde ós que a consideran “Media” (32%) e únicamente un 11% a consideran “Moi baixa”. Polo tanto, hai unha certa sintonía entre estes dous indicadores, aínda que, coma era de esperar, as valoracións das retribucións están por debaixo das valoracións polo traballo realizado.

Adecuación retribucións




Na Figura seguinte pódense ver os derradeiros 4 ítems de forma conxunta onde se ve con máis claridade a resposta positiva con respecto á valoración pola empresa. En xeral, os catro ítems analizados receberam respostas moi positivas xa que a suma dos valores “Medio”, “Alto” e “Moi Alto” están sempre por enriba do 60%, chegando a ser superiores ó 90%.




En canto a ubicación da empresa, pódese ver que os egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental traballan maioritariamente en Galicia (76%), sendo o resto de ubicacións repartido máis ou menos igualmente no Resto de España (10%), Resto de Europa (10%) e, en menor medida, no Resto do Mundo (4%).

É de destacar que a maior parte dos enquisados indican a satisfacción pola zona xeográfica na que traballan (91%).




4. Factores que condicionan o 1º emprego

A seguinte Figura indica a influencia que tiveron diversos factores na obtención do 1º emprego. Pódese ver como a titulación, a entrevista e as aptitudes persoais tiveron un valor máis relevante a xuízo dos enquisados. Pola contra, o expediente académico, a mobilidade xeográfica ou o uso de bos contactos aparecen como ítems con menor influencia no mesmo.




O tempo que os egresados adicaron á búsqueda do primeiro emprego foi menor de 3 meses no caso do 38% e de 3-6 meses no 21%, polo tanto é de destacar que máis da metade dos egresados (59%) atinxiron o primeiro emprego en menos de 6 meses. Únicamente un 14% necesitaron máis dun ano para atopar o primeiro emprego.

Tempo búsqueda 1º emprego



Con respecto á estabilidade laboral, a figura seguinte nos mostra una importante estabilidade con un 69% de egresados que ou ben non cambiaron de empresa ou ben só cambiaron unha vez.


Nº veces cambio empresa



5. Funcións profesionais realizadas e nivel retributivo

A figura seguinte mostra o tipo de traballos realizados polos egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental tanto no seu primeiro traballo (Emp. 1) coma, no caso en que sucedese, no seu segundo ou terceiro traballo (Emp. 2 e Emp. 3, respectivamente).


Así, pódese apreciar como as tarefas de “Investigador Junior”, “Enxeñeiro”, “Consultor” e “Outros traballos de alta cualificación” son os principais postos de traballo ocupados.



Nos casos en que houbo cambios de traballo, pódese apreciar coma os segundos e terceiros traballos son máis numerosos nos ámbitos de “Enxeñeiro”, “Consultor” e “Outros traballos de alta cualificación” namentres que hai una baixa moi pronunciada do traballo “Investigador Junior”.

En canto ó nivel retributivo acadado polos egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental a figura seguinte mostra que a grande maioría dos contratos (74%) están na banda 500-1500 €, predominando os que están no rango 500-1000 €. Pódese observar como os segundos empregos en xeral levan a un nivel retributivo máis elevado (cáseque a totalidade dos contratos entre 1500 e 2000 €), o cal tamén se pode observar no caso dos terceiros empregos.



Remuneración salarial contratos



6. Duración dos contratos de traballo

En canto á duración dos contratos de traballo, os datos recollidos da enquisa mostran que aproximadamente a metade dos contratos son superiores ó ano de duración e únicamente un 9% superan os tres anos. Hai unha significativa porcentaxe de contratos de pouca duración (20% inferior a 6 meses)

Duración contratos




7. Valoración da formación académica recibida

A derradeira parte da enquisa está enfocada sobre a valoración que os egresados fan sobre a formación recibida durante o Máster en Enxeñaría Ambiental. A figura que se mostra a continuación mostra todos os ítems analizados.

Se nos fixamos nas partes en azul (suma de “Bastante” e “Moito”) podemos ver os aspectos máis valorados polos egresados: “Prácticas Externas”, “Traballo Fin de Máster” e “Contidos Básicos”. Esa suma supera 50% neses 3 ítems.

Pola contra os ítems peor valorados (suma das valoracións “Nada” e “Pouco”) só se supera o 40% na pregunta sobre Mobilidade Académica, o cal é lóxico xa que a porcentaxe de alumnos que fan parte do Máster en outros centros é practicamente nula.


A impresión xeral polo tanto dos egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental sobre a súa formación recibida durante a etapa de Máster é moi positiva.



Para matizar esta información nos ítems tradicionalmente máis valorados no Máster en Enxeñaría Ambiental (Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster) se lles fixo unha cuestión relativa á realización destas actividades especificamente en empresa, xa que tamén o poden facer en grupos de investigación ou de forma individual (no caso dos TFM).


No caso das Prácticas Externas en empresa, é rotunda a incidencia que tivo para os egresados xa que os 63% o valoran coma con “Moito” ou “Bastante”, fronte a só un 5% que o valora coma “Nada”.

Indicencia na túa formación: Prácticas externas en empresa



No caso dos TFM, e aínda que non é moi habitual facelos en empresa, os que así o fixeron tamén mostran a súa valoración moi positiva (o 74% o valoran coma con “Moito” ou “Bastante”), non habendo ningún que o valore coma sen incidencia.


Indicencia na túa formación: TFM en empresa



Finalmente, é interesante saber se co paso do tempo e das experiencias vividas tanto no mundo laboral coma formativo, a valoración sobre a formación recibida durante o Máster en Enxeñaría Ambiental mudou por parte dos nosos egresados.

Coma se pode apreciar no seguinte gráfico, a grande maioría non mudou na súa opinión (54%), namentres que un 31% mudou positivamente. Pola contra un 15% mudou negativamente.

Mudou co tempo a túa opinión sobre a formación recibida?



8. Conclusións

Os datos recollidos a través dunha enquisa efectuada ao longo dos meses de setembro e outubro de 2012 ás 5 primeiras promocións do Máster en Enxeñaría Ambiental (2005-07, 06-08, 07-09, 08-10 e 09-11) onde contestaron 39 do total de 90 titulados (43%) mostran as seguintes conclusións:

- O 51% están traballando na actualidade. É importante sinalar que o 31% estivo traballando anteriormente pero agora está en paro, polo tanto o 82% dos egresados ten traballado logo da súa titulación. Únicamente un 13% está na procura do seu primeiro emprego, mentres que o 5% restante está ampliando estudos.
- O tempo de procura do primeiro emprego foi menor de 6 meses no caso do 53% dos egresados. Únicamente o 18% tardaron máis de 12 meses.
- En canto ó tipo de organización na que traballan os egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental, a figura seguinte mostra unha situación bastante diversificada e equilibrada: 24% na administración, 21% en empresas grandes, 10% en empresas de tamaño medio, 21% en empresas pequenas e 24% en empresas familiares. Predominan polo tanto o tamaño medio-grande das organizacións, destacando as empresas do sector do Medio Ambiente (34% dos empregados) e tamén as Enxeñarías e Consultorías (14%) e as Administracións Públicas (14%).
- A relación entre a formación académica recibida e o posto de traballo desempeñado é alta ou moi alta (52%). Únicamente un 10% considera esta relación coma “Moi Baixa”.
- Os egresados indican unha valoración do seu traballo por parte da empresa como “Alta” ou “Moi Alta” (79%). Aínda que non tan destacada, tamén consideran adecuadas as súas retribucións económicas (32% “Alta” ou “Moi Alta” e 32% “Media”).
- O 76% dos egresados están traballando en Galicia, estando o resto distribuídos equitativamente entre o resto de España e Europa.
- Os principais factores que condicionan a obtención do 1º emprego foron: i) Titulación, ii) Entrevista, e iii) Aptitudes persoais. Pola contra, o expediente académico, a mobilidade xeográfica ou o uso de bos contactos aparecen como ítems con menor influencia.
- As principais funcións realizadas polos nosos egresados foron “Investigador Junior”, “Enxeñeiro”, “Consultor” e “Outros traballos de alta cualificación”.
- En canto ó nivel retributivo acadado polos egresados do Máster en Enxeñaría Ambiental a grande maioría dos contratos (74%) están na banda 500-1500 €, predominando os que están no rango 500-1000 €. Pódese observar como os segundos empregos en xeral levan a un nivel retributivo máis elevado (cáseque a totalidade dos contratos entre 1500 e 2000 €), o cal tamén se pode observar no caso dos terceiros empregos.
- A valoración que os egresados fan sobre a formación recibida durante o Máster en Enxeñaría Ambiental indica que os aspectos máis valorados foron: “Prácticas Externas”, “Traballo Fin de Máster” e “Contidos Básicos”. No lado contrario, non se destaca nada negativamente, polo que a impresión xeral dos egresados obre a súa formación recibida durante a etapa de Máster é moi positiva. Especial énfase fan na incidencia que tivo na súa formación facer as Prácticas Externas ou o TFM en empresa.
- Finalmente, é interesante saber se co paso do tempo e das experiencias vividas tanto no mundo laboral coma formativo, a valoración sobre a formación recibida durante o Máster en Enxeñaría Ambiental mudou por parte dos nosos egresados. A grande maioría non mudou na súa opinión (54%), namentres que un 31% mudou positivamente. Pola contra un 15% mudou negativamente.